

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
SALÓN TEATRO



outubro
novembro
decembro
'09

Dossier de prensa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2009-2010

Programación Salón Teatro outubro - decembro 2009

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Programación outubro - decembro 2009

Outubro						
Día	Hora	Espectáculo		Compañía	Xénero	Páx.
Mércores 7	10.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Xoves 8	10.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Xoves 8	20.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Venres 9	20.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Sábado 10	20.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Domingo 11	18.00	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Mércores 14	10.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Xoves 15	10.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Xoves 15	20.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Venres 16	20.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Sábado 17	20.30	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Domingo 18	18.00	Glass City (Cidade de Cristal)		Teatro do Noroeste	Teatro	6
Luns 19	23.00	Feira Galega das Artes Escénicas	Glass City (Cidade de Cristal)	Teatro do Noroeste	Teatro	7
Martes 20	23.00		Wake Up	Nut Teatro	Teatro	7
Mércores 21	23.00		Ovay	Cía. Quique Peón	Danza	7
Xoves 22	23.00		A Esmorga	Sarabela Teatro	Teatro	7
Sábado 24	20.30	Nixon-Frost		Teatro Lliure	Teatro	8
Domingo 25	18.00	Nixon-Frost		Teatro Lliure	Teatro	8
Sábado 31	20.30	Jardim Zoológico de Cristal		Ao Cabo Teatro	Teatro	9

Novembro					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Páx.
Domingo 1	18.00	Jardim Zoológico de Cristal	Ao Cabo Teatro	Teatro	9
Luns 2		Cineuropa		Cine	10
Martes 3		Cineuropa		Cine	10
Mércores 4		Cineuropa		Cine	10



► Novembro

Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Xoves 5		Cineuropa		Cine	10
Venres 6		Cineuropa		Cine	10
Sábado 7		Cineuropa		Cine	10
Domingo 8		Cineuropa		Cine	10
Lunes 9		Cineuropa		Cine	10
Martes 29		Cineuropa		Cine	10
Mércores 11		Cineuropa		Cine	10
Xoves 12		Cineuropa		Cine	10
Venres 13		Cineuropa		Cine	10
Sábado 14		Cineuropa		Cine	10
Domingo 15		Cineuropa		Cine	10
Martes 24	21.00	Cerrado por Aburrimiento	Matarile Teatro	Ensaio aberto	11
Sábado 28	20.30	Dies Irae. En el Réquiem de Mozart	Cía. Marta Carrasco	Danza	12
Domingo 29	18.00	Dies Irae. En el Réquiem de Mozart	Cía. Marta Carrasco	Danza	12

Decembro

Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Pág.
Mércores 16	21.00	As Cuñadas	Aula de Teatro USC	Teatro	13
Xoves 17	20.30	O Segredo dos Hoffmann	Lagarta Lagarta	Teatro	14
Venres 18	20.30	O Segredo dos Hoffmann	Lagarta Lagarta	Teatro	14
Sábado 19	20.30	O Segredo dos Hoffmann	Lagarta Lagarta	Teatro	14
Domingo 20	18.00	O Segredo dos Hoffmann	Lagarta Lagarta	Teatro	14
Sábado 26	19.00	El Sable y la Paloma	A Priori Producciones	Teatro infantil	15
Domingo 27	19.00	Os Bolechas	Caramuxo Teatro	Monicreques	15
Lunes 28	19.00	Flexelf	Àngels Margarit / Cía. Mudances	Danza	16
Martes 29	18.00	Mãos Grandes	Teatro de Montemuro	Monicreques	16
Martes 29	19.30	Mãos Grandes	Teatro de Montemuro	Monicreques	16
Mércores 30	19.00	Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!	Tropicallo Teatro	Monicreques	17

Índice por espectáculos

Teatro

Glass City (Cidade de Cristal)

TEATRO DO NOROESTE (GALICIA)

Do 7 ao 18 de outubro

Xoves, venres e sábados ás 20.30 horas; domingos ás 18.00 horas; mércores e xoves, funcións para escolares ás 10.30 horas

Teatro

Feira Galega das Artes Escénicas 2009

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)

Do 19 ao 22 de outubro ás 23.30 horas

Luns 19

Glass City (Cidade de Cristal), de TEATRO DO NOROESTE

Martes 20

Wake Up, de NUT TEATRO

Mércores 21

Ovay, da COMPAÑÍA QUIQUE PEÓN

Xoves 22

A Esmorga, de SARABELA TEATRO

Teatro

Nixon-Frost (Unplugged Escénico)

TEATRE LLIURE (CATALUÑA)

Sábado 24 de outubro ás 20.30 horas e domingo 25 ás 18.00 horas

Teatro

Jardim Zoológico de Cristal

AO CABO TEATRO (PORTUGAL)

Sábado 31 de outubro ás 20.30 horas e domingo 1 de novembro ás 18.00 horas

Cine

Cineuropa

Do 2 ao 15 de novembro

Teatro – Ensaio aberto

Cerrado por Aburrimiento

MATARILE TEATRO (GALICIA)

Martes 24 de novembro ás 21.00 horas

Danza

Dies Irae. En el Réquiem de Mozart

COMPAÑÍA MARTA CARRASCO (CATALUÑA)

Sábado 28 de novembro ás 20.30 horas e domingo 29 ás 18.00 horas

Teatro – Estrea

As Cuñadas

AULA DE TEATRO DA USC (GALICIA)

Mércores 16 de decembro ás 21.00 horas

Teatro

O Segredo dos Hoffmann

LAGARTA LAGARTA (GALICIA)

Xoves 17, venres 18 e sábado 19 de decembro ás 20.30 horas; domingo 20 ás 18.00 horas

Teatro

Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Do 26 ao 30 de decembro ás 19.00 horas

Sábado 26

El Sable y la Paloma, de A PRIORI PRODUCCIONES

Domingo 27

Os Bolechas, de CARAMUXO TEATRO

Luns 28

Flexelf, de ÁNGELS MARGARIT / CÍA. MUDANCES

Martes 29

Mãos Grandes, de TEATRO DE MONTEMURO

(Dúas funcións: ás 18.00 e ás 19.30 horas. Capacidade limitada: 80 persoas)

Mércores 30

Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!, de TROMPICALLO TEATRO

Teatro

■ Glass City (Cidade de Cristal)

TEATRO DO NOROESTE (GALICIA)

Do 7 ao 18 de outubro

Xoves, venres e sábados ás 20.30 horas; domingos ás 18.00 horas; mércores e xoves, funcións para escolares ás 10.30 horas

*Autoría e dirección:* Eduardo Alonso*Escenografía e vestuario:* Paco Conesa*Iluminación:* Eduardo Alonso*Música e son:* Bernardo Martínez*Elenco:* Maxo Barjas, Xan Casas, Monti Castiñeiras, Christian Escuredo, Xavier Estévez, Luma Gómez, Fernando González, Brandán Lourenzo, Julia Méndez, Brais Morán, Carlos Mosquera Mos, Ramón Orencio, Julia Sánchez e Fernando Tato

Espectáculo musical de gran formato, en *Glass City* dúas cuestións impregnan todo o argumento: o lugar (a cidade da Coruña) e a época (setembro de 1958). Nesas datas, o entón xefe do Estado español, o ditador Francisco Franco, adoitaba veranear na Coruña, no pazo de Meirás. Con el chegaban á cidade unha morea de ministros e altos cargos que a transformaban, durante uns días, na capital de España cos seus consellos de ministros, recepcións, inauguracións, festexos e concursos.

Na cidade agardaban a chegada da comitiva governamental para comezaren a desplumar, en diversas partidas de cartas, os visitantes madrileños que acompañan as autoridades. Presidía a corporación municipal o alcalde Alfonso Molina, protexido da esposa do ditador e asiduo participante de festas e nocturnidades. Daquela época vén o dito de que "mentres Santiago reza e Vigo traballa, A Coruña divírtese".

Pero é tamén neste ano de 1958 cando chegan aos bares da Coruña as *jukebox*, máquinas de discos importadas dos Estados Unidos e que viñan cargadas con cancións de Elvis Presley, Paul Anka, Neil Sedaka, Chubby Checker e compañía. O xerme da revolución da música xuvenil estaba servido e callaría anos despois, pero algúns mozos coruñeses atentos adiántanse. Nace a xuventude como clase social.

Mais non todos están sometidos ao réxime. Naqueles anos prepárase na Coruña un dos varios atentados que sufriu Franco ao longo da súa ditadura.

Teatro

- Feira Galega das Artes Escénicas 2009
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)
Do 19 ao 22 de outubro ás 23.30 horas



Luns 19

Glass City (Cidade de Cristal), de TEATRO DO NOROESTE

Martes 20

Wake Up, de NUT TEATRO

Mércores 21

Ovay, da COMPAÑÍA QUIQUE PEÓN

Xoves 22

A Esmorga, de SARABELA TEATRO

Máis información en www.feiradasartescenicais.com

Teatro

■ Nixon-Frost (Unplugged Escénico)

TEATRE LLIURE (CATALUÑA)

Sábado 24 de outubro ás 20.30 horas e domingo 25 ás 18.00 horas



Autoría: Peter Morgan

Dirección: Àlex Rigola

Escenografía: Max Glaenzel

Iluminación: Maria Domènech

Son: Ramon Ciércoles

Vestuario: Berta Riera e Georgina Viñolo

Espazo sonoro e musical: Pau Carrió

Elenco: Chantal Aimée, Amanda Baqué, Andreu Benito, Joan Carreras, Oriol Guinart, Lluís Marco, Jose Novoa, Jordi Puig Marpons, Òscar Rabadan, Santi Ricart, Nina Uyà e Neus Ballbé

A crítica política chega ao Salón Teatro grazas a un texto do guionista e dramaturgo británico Peter Morgan, baseado nun dos momentos televisivos máis significativos de todos os tempos: cando en 1977 Richard Nixon pediu desculpas publicamente ao pobo norteamericano pola súa implicación no caso Watergate. O ex-presidente dimitira tres anos antes, sen chegar a ser xulgado polo caso e tras recibir o indulto do seu sucesor, Gerald Ford. Durante aquel período mantívose en silencio ata que concede unha serie de entrevistas televisivas a David Frost, un famoso presentador británico de programas tipo *late night show*, a cambio de 600 000 dólares. O encontro entre Nixon e Frost desembocará nun duro, tenso, emocionante e enxeñoso pulso dialéctico que culminará cunha reveladora exhibición de sinceridade.

Dirixida por Àlex Rigola e nunha versión *unplugged*, a parella protagonista -interpretada por Lluís Marco no papel de Nixon e Joan Carreras no de Frost- está acompañada por un extenso elenco. Ademais, a posta en escena destaca pola proximidade dos actores, a narración teatral puntuada polo audiovisual, a síntese escénica nun único espazo conceptual e unha banda sonora electrónica que reflicte as tensións internas dos personaxes.

Teatro

Jardim Zoológico de Cristal

AO CABO TEATRO (PORTUGAL)

Sábado 31 de outubro ás 20.30 horas e domingo 1 de novembro ás 18.00 horas



Autoría: Tennessee Williams

Dirección: Nuno Cardoso

Axudante de dirección: Víctor Hugo Pontes

Escenografía: Fernando Ribeiro

Iluminación: José Alvaro Correia

Son: Luis Aly

Tradución: Fernando Villas Boas

Figurinos: Storytailors

Elenco: Luís Araújo, Micaela Cardoso, Romeu Costa e Maria do Céu Ribeiro

En coprodución co Centro Cultural Vila Flor (Guimarães), Teatro Viriato (Viseu), Teatro Aveirense, Theatro Circo (Braga), As Boas Raparigas... (O Porto)

Proxecto financiado polo Ministério da Cultura e Direcção Geral das Artes de Portugal

Tom Wingfield, narrador e personaxe da obra, é un aspirante a poeta que traballa nun almacén de zapatos para manter a súa familia. A súa nai, Amanda, alardea continuamente da súa mocidade idílica e das decenas de pretendentes que sempre a cortexaron. Vive angustiada pola súa filla Laura que, debido a un defecto físico unido a unha timidez incorrrible, permanece afastada do mundo e dedicada á súa colección de animais de cristal.

O mozo, que odia o seu traballo, refúxiase na bebida (repetindo os pasos do pai ausente) e na literatura, para desgusto da nai. Despois dunha das continuas discusións entre ambos os dous, cede aos insistentes chamamentos da nai e convida a cear un compañeiro de traballo. O obxectivo da nai é presentarllo a Laura, pois está convencida de que o matrimonio é a única solución para garantir un futuro á filla.

E así aparece Jim O'Connor, un home normal, psicólogo empírico, que rapidamente descobre a natureza de Laura e non pode deixar de treballar con ela ao xogo da sedución, respondendo así, aparentemente, aos desexos de Amanda e abrindo o corazón de Laura. Pero, como di Amanda, "as cousas teñen unha tendencia a discorreren tan mal..."

Como actividade paralela ás dúas funcións, Nuno Cardoso, un dos directores máis destacados da nova escena portuguesa, impartirá un *workshop* para actores profesionais distribuído en dúas sesións: o sábado 31 de 14.00 a 18.00 horas e o domingo 1 de 11.00 a 14.00 horas. O prazo de inscrición ábrese o 17 de outubro ata completar as 15 prazas dispoñibles.

Jardim Zoológico de Cristal estrearase no Centro Cultural Vila Flor de Guimarães (Portugal) os días 16 e 17 de novembro.

Cine



Cineuropa

Do 2 ao 15 de novembro

Máis información en www.cineuropa.compostelacultura.org

Teatro – Ensaio aberto

■ **Cerrado por Aburrimiento**
MATARILE TEATRO (Galicia)

Martes 24 de novembro ás 21.00 horas



Creación e dirección: Ana Vallés

Iluminación e escenografía: Baltasar Patiño

Elenco: José Campanari, Xan Cejudo, Alba Fernández, Mónica García, Mauricio González, Ricardo Santana, Sofía Sarmento e Ana Vallés

A montaxe xira arredor da idea de rescatar unha mirada propia sen deixar de preguntarnos “que importa a quen” e desde unha posición á defensiva ante o aburrimiento, a repetición, os críticos de teatro e os manifestos en xeral.

En palabras da propia Ana Vallés, o título xorde dunha conversa cun amigo seu, cociñeiro de profesión, o ano pasado. *“Ante o seu cansazo crónico e o seu desexo insistente de abandonalo todo propúxenlle que colgase un letreiro na porta do restaurante e viñese de vacacións comigo ao Porto. O letreiro diría: “cerrado por aburrimiento”. E como define absolutamente o meu estado actual, adopteino como título para o novo espectáculo de Matarile. Non aceptar o aburrimiento, antes pechar, mellor matarse. Por aí comezamos”*.

Cerrado por Aburrimiento está integrado por un elenco de oito intérpretes, entre actores, bailaríns e unha violista, de distintas procedencias artísticas e xeográficas: Arxentina, Asturias, Canarias, Madrid, Portugal e Galicia. A vixésimo quinta produción da compañía compostelá estrearse no Teatro Colón da Coruña os días 27 e 28 de novembro. Os ensaios comezaron o día 14 de setembro na sala Mozart do Auditorio de Galicia, continúan en outubro no Teatro Principal da Estrada, e finalizarán en novembro no Salón Teatro de Santiago, onde despois de 9 días de residencia artística se desenvolverá un ensaio aberto o martes día 24.

Danza

■ **Dies Irae. En el Réquiem de Mozart****COMPañÍA MARTA CARRASCO (CATALUÑA)****Sábado 28 de novembro ás 20.30 horas e domingo 29 ás 18.00 horas***Creación, dirección e escenografía:* Marta Carrasco*Axudante de dirección:* Tays Sampablo*Iluminación:* Quico Gutiérrez*Montaxe musical:* José Antonio Gutiérrez*Intérpretes:* Carmen Angulo, Frantxa Arraiza, Anna Coll, M^a José Cordonet, Robert González, Manuella Marra, Noemí Padró, Asu Rivero, Montse Rodríguez, Raquel Sánchez, Adolfo Simón, Joan Valldeperas e Alberto Velasco

Marta Carrasco (Premio Nacional de Danza da Generalitat de Catalunya, 2005) é unha das figuras máis orixinais e creativas do panorama de danza actual. As súas creacións, sempre persoais, figuran no límite entre o teatro, a danza e a música, ademais de obter o aplauso de crítica e público, combinando humor, expresionismo, contido dramático, innovación e onirismo.

En Dies Irae. En el Réquiem de Mozart, a esencia da posta en escena é a célebre obra do compositor austríaco. Trece intérpretes –seis deles residentes en Madrid, e os outros sete en Barcelona– ispen a liturxia e amosan sen concesión a debilidade da verdade mentres abren un pano fronteirizo, símbolo da aposta persoal de Marta Carrasco por enlazar as dúas cidades.

A inmortalidade da música desafia calquera mirada escéptica ante o mundo e convida a dicir, facer e oír o desgarro da vida. *Dies Irae* vai máis alá dunha misa de defuntos. Devora e obsesiona. Invoca o aroma do profano. Non lle dá tregua ao público. É furia, é ira, é impotencia, é medo. Irreverencia. É beleza. É risco. Unha aposta polo maior dos retos.

Dies Irae. En el Réquiem de Mozart estrearase no Festival Temporada Alta (Salt, Girona) os días 28 e 29 de outubro.

Teatro – Estrea

■ **As Cuñadas**

AULA DE TEATRO DA USC (GALICIA)

Mércores 16 de decembro ás 21.00 horas

Autoría: Michel Tremblay

Dirección, adaptación, deseño do espazo escénico, figurinos e iluminación: Roberto Salgueiro

Arranxos musicais: Fernando Cabo

Nun caloroso mes de maio de 1977 na cidade da Coruña, Amalita García é premiada cun millón de cupóns Spar, cos que poderá solicitar todos os regalos do catálogo deste centro comercial. Co fin de pegar os cupóns reúne na súa casa a veciñas, cuñadas e familia, e nesta xuntanza, rodeadas de gaseosas, coca colas e vaixela Duralux, as mulleres falarán das súas preocupacións, dos seus desencontros e das súas esperanzas. Unha comedia ácida onde as cousas non son o que semellan, ou semellan ser outra cousa.

Teatro

O Segredo dos Hoffmann

LAGARTA LAGARTA (GALICIA)

Xoves 17, venres 18 e sábado 19 de decembro ás 20.30 horas; domingo 20 ás 18.00 horas



Autoría: Alejandro Palomas

Dirección: Rosa Álvarez

Adaptación: Roberto Salgueiro

Escenografía: Equipo Erro

Iluminación: Alfonso Parra

Son: Pórtico de Comunicación

Música: Fran Pérez "Narf"

Vestuario: Equipo Erro - Saturna

Elenco: Xosé Barato, Ernesto Chao, Belén Constenla e Rebeca Montero

Catro membros dunha familia, rota por un segredo oculto durante anos, reúnense con motivo do falecemento da avoa Constanza. Os seus recordos, soños e anhelos describen un universo pechado, de enorme carga emotiva, nun texto coral que debuxa unha historia intensa e envolvente.

O Segredo dos Hoffmann é a nova aposta da compañía compostelá Lagarta Lagarta. A peza está protagonizada polos actores Ernesto Chao, Belén Constenla, Xosé Barato e Rebeca Montero, baixo a dirección de Rosa Álvarez. Roberto Salgueiro adaptou a novela homónima de Alejandro Palomas, finalista do Premio Torre vieja 2008.

Teatro

■ MOSTRA DE TEATRO INFANTIL DE NADAL

Do 26 ao 30 de decembro ás 19.00 horas

Sábado 26

El Sable y la Paloma, de A PRIORI PRODUCCIONES

Dramaturxia e dirección: Marta Torres*Escenografía e vestuario:* Pepe Moreno*Música:* Jesús Naranjo*Iluminación:* Joseba García*Elenco:* Roja Baides e Ángel Ribagorda*Duración:* 50 min*Público:* infantil. A partir de 5 anos

Un soldado e unha fada comparten as horas previas a unha batalla. El, un malhumorado capitán, prepárase para enfrontarse a todo un exército. A fada quere concederlle un desexo, pero antes tentará contaxiarlle o seu respecto pola igualdade dos seres humanos. As peripecias en que se ven envoltos os personaxes farán desaparecer a posibilidade da batalla?

Espectáculo estreado co gallo do 50 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Domingo 27

Os Bolechas, de CARAMUXO TEATRO

Autoría: Juan Rodríguez, Laura Sarasola e Pepe Carreiro*Dirección:* Juan Rodríguez e Laura Sarasola*Escenografía:* Caramuxo Teatro*Son:* Alma Sarasola*Iluminación:* Carlos Clemente*Elenco:* Xose Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola*Duración:* 50 min*Público:* infantil. A partir de 3 anos

Caramuxo Teatro presenta o grande éxito editorial galego. *Os Bolechas* é unha comedia musical con monicreques; un espectáculo que nos amosa un día na vida desta divertida familia, onde coñeceremos as ocorrencias do pequeno Tatá, as travesuras de Chispa, a Braulio e Sonia, as xemelgas Pili e Loli, e a Carlos, o máis vello dos irmáns.

Luns 28**Flexelf, de ÀNGELS MARGARIT / CÍA. MUDANCES***Dirección e coreografía:* Àngels Margarit*Creación e interpretación:* Fátima Campos, Isabel López, Roser López Espinosa, Joan Palau e Dori Sánchez*Música:* Joan Saura*Vestuario:* Ariadna Papió*Espazo escénico:* Àngels Margarit e Llorenç Corbella*Iluminación:* Conrado Parodi*Duración:* 55 min

Todos os públicos. A partir de 4 anos



O espectáculo nace da palabra e a palabra *flexelf* nace do movemento dun punto que se converte en liña, se enrosca, se reflicte e se repite. *flexelf* fala da escritura do corpo no espazo, caligrafía efémera de linguas exóticas e xeometrías rebuldeiras. Todo o que hai en *flexelf* móvese, dóbrase ou engúrrase; cada forma transfórmase e convida a viaxar, a descubrir que non todo é o que parece ou a inventar que parece o que vemos.

Martes 29**Mãos Grandes, de TEATRO DE MONTEMURO**

(Dúas funcións: ás 18.00 e ás 19.30 horas.

Capacidade limitada: 80 persoas)

Autoría: Thérèse Collins*Dirección:* Steve Johnstone*Tradución:* Paula Teixeira*Dirección musical:* Simon Fraser*Sonoplastia:* Simon Fraser*Escenografía e figurinos:* Maria João Castelo e Ana Limpinho*Elenco:* Paulo Duarte e Daniela Vieitas*Duración:* 55 min*Público:* infantil. Ata os 8 anos

Personaxes divertidos e coloridos dun palmo e medio de estatura dan vida a un espectáculo dirixido principalmente aos máis cativos. Trátase dunha montaxe divertida e accesible, cun forte compoñente educativo. Cada vez máis, a nosa sociedade afástanos de tradicións e costumes que unha vez estiveron moi presentes. O muiño e o forno das aldeas convertéronse en lugares sen vida, sen cor nin emocións. O Teatro de Montemuro non tenta revalorizar estes espazos, senón darlles a coñecer aos máis pequenos que o pan non vén dos centros comerciais, que hai todo un proceso que paga a pena coñecer. O uso dos monicreques aproxima os nenos e nenas, estimula a súa curiosidade e atención. As cores e os movementos, espertan a súa creatividade.

Mércores 30

**Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!,
de TROMPICALLO TEATRO**

Autoría: Trompicallo Teatro

Dirección: Marián González

Escenografía: Quique Bordel

Elenco: Sabela Amado e Luis González

Duración: 50 min

Público: infantil. A partir de 4 anos



A Violeta non lle gusta estudar, a Violeta gústalle ver a tele. / A Violeta non lle gustan as acelgas, a Violeta gústanlle as salchichas. / A Violeta non lle gusta Sarita, a Violeta gústalle Miguel. / A Violeta non lle gusta que a súa nai lle dea ordes, a Violeta gústalle escoller. / A Violeta non lle gusta que o seu pai a trate como a unha nena, Violeta quere crecer. / A Violeta non lle gusta o seu irmán... aínda que un extraordinario suceso fará que cambie de opinión.

VENDA DE ENTRADAS

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos do Salón Teatro póñense á venda no despacho de billetes que permanecerá aberto todos os días de función dende dúas horas antes do comezo de cada actuación.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.